

ACTA DE DATA 1 DE XULLO DE 2021. CONSTITUCIÓN DO TRIBUNAL PARA A SELECCIÓN POR CONCURSO, DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL, DUN/HA SOCORRISTA PARA A PISCINA MUNICIPAL, SUBVENCIÓNADO POLA XUNTA DE GALICIA-CONSELLERÍA DE EMPREGO E IGUALDADE (FOMENTO DO EMPREGO E FOMENTO DA EMPREGABILIDADE).

VALORACIÓN DO CONCURSO E PROPOSTA DE NOMEAMENTO.

En Sobrado, a 1 de xullo de 2021, sendo as 09:00 horas, reúnense baixo a presidencia de D^a. M^a Jesús Rivas Moscoso (Empregada pública do Concello de Santiso) os seguintes membros integrantes do Tribunal cualificador que se constitúe para valorar os méritos aportados polo aspirante á praza de persoal laboral temporal subvencionada pola Xunta de Galicia-Consellería de Emprego e Igualdade (Fomento do emprego e mellora da empregabilidade 2021) dun/ha Socorrista para a piscina municipal deste concello, e segundo as bases aprobadas por Resolución da Alcaldía nº 219/2021 na data 11/06/2021.

Vogal: D. Jesús Ramón Varela García (Empregado público do Concello de Sobrado).

Secretaria: D^a. María Ermitas Sánchez González (Empregada pública do Concello de Sobrado).

Dada a presenza tanto da Presidenta, coma da Secretaria, así como dalgún vogal titular do presente Tribunal, considérase cumprido o requisito perceptivo para a súa válida constitución e actuación, polo que ábrese a sesión pola Presidenta.

Declárase constituído o acto e acórdase proceder á baremación dos méritos aportados polo aspirante, acordando por unanimidade, outorgar as seguintes puntuacións:

VALORACIÓN DE MÉRITOS (CONCURSO)-

APELIDOS E NOME DNI	ANTIGÜIDADE DEMANDANTE	FORMACION	TITULACIÓN	GALEGO	TOTAL
González Vázquez Carlos Alberto ***6917**	1	0,5	-	Celga 4	1,5

O aspirante presentou acreditación do coñecemento do galego, polo que está exento da proba oral de acreditación do coñecemento do galego.

Así, á vista do resultado final, o Tribunal cualificador propón a Alcaldía o nomeamento como persoal laboral temporal no posto de socorrista da piscina municipal a **D. Carlos Alberto González Vázquez**, con **D.N.I.: ***6917****.

Non sendo outro o obxecto desta reunión dase por rematado o acto, ordeando a Presidenta que se redacte a presente acta asinada por todos os membros do Tribunal, sendo as 09:20 horas, do que dou fe.

A Presidenta,


D.ª. M.ª Jesús Rivas Moscoso.

Vogal,


Jesús Ramón Varela García .

A Secretaria,


M.ª Ermitas Sánchez González.